Xaneiro-Febreiro 2009 Número 10

Colvetcor

Revista do Colexio de Veterinarios da Coruña

- XESTIÓN DA **ALIMENTACIÓN PORCINA**
- CURSO DE **PORCINOCULTURA** NA CORUÑA

ADIANTO DO PROGRAMA DO **XIV CONGRESO INTERNACIONAL DE ANEMBE**

- DETECCIÓN DE **TETRACICLINAS** EN URINA
- I XORNADAS DO **PORCO CELTA** EN LUGO

BackHome BioTec®

TAMAÑO REAL

Nuevo microchip BackHome Biotec®

10 veces más resistente, 12% más ligero

NUEVO

BackHome Biotec® está encapsulado en un polímero biocompatible de última generación. Es prácticamente irrompible y un 12% más ligero que el vidrio. **Gracias a sus propiedades biológicas y antimigratorias, BackHome Biotec® permanece en el lugar de implantación y es totalmente seguro para el animal.**

Virbac SALUD ANIMAL

La salud animal es nuestra pasión

A INVESTIGACIÓN EN GANDERÍA

O avance científico é fundamental para o desenvolvemento dun sector produtivo, e isto non só é valido para o sector gandeiro, como se veu demostrando ata a saciedade nestes últimos anos. A profesión veterinaria é piar fundamental deste avance, pero…pódese dicir que en Galiza isto foi así? Fixéronse nestes últimos catro anos esforzos reais para que a investigación veterinaria neste eido non perdese corda ou, aínda mais, non quedase estancada definitivamente?

Ata a década dos 70, os Departamentos Gobernamentais que entendían da produción gandeira non tiñan en Galiza nin unha soa sección con estruturas físicas que entendera e practicara a investigación veterinaria neste sector especificamente.

Tras un informe da OCDE daqueles anos, e aproveitando certas estruturas agrarias xa existentes (favorecéndose estas accións pola aglutinación en Madrid do Padroado de Bioloxía Animal no INIA), lográronse iniciar en Galiza proxectos específicos de investigación veterinaria na gandería: un xermolo con escasamente un par de investigadores veterinarios e un esquema sobre papel no que o BIRF (o banco mundial) facilitaba medios para que no noso país se investigase en Sanidade Animal, especificamente en enfermidades infecciosas e parasitarias e en fisiopatoloxía da reprodución.

Ata principios da década dos 80 (ata 1983, concretamente), o número de investigadores veterinarios medrou de tres a seis, cubrindo aqueles tres campos que figuraban nos papeis do BIRF, pero a partir de alí, e basta con botar unha ollada atrás, a cousa morreu fatalmente coincidindo coa asunción de competencias nesta materia por parte da Comunidade de Galiza.

Na actualidade fican só tres investigadores que cobren dúas das áreas sinaladas pola OCDE, dentro do departamento gobernamental que entende destes temas. Se ben é certo que a mediados desa década, no 84, créase a Facultade de Veterinaria, e con iso tráese para Galiza a posibilidade de elaborar proxectos de investigación básica, non é menos certo que a investigación veterinaria aplicada no sector gandeiro, deber e ferramenta de avance dos departamentos agrarios, non medrou, senón que minguou.

Non lles interesa ás autoridades administrativas do noso país a investigación aplicada á gandería? Á vista da última RPT da Consellería do Medio Rural, dos decretos do INGACAL, podemos afirmar que no remate do Antroido do 2009, coa sardiña, acábase de soterrar por liquidación a investigación veterinaria aplicada na nosa terra.

XOSÉ UXÍO REY FERNÁNDEZ
Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña

Colvetcor
Revista do Colexio de Veterinarios da Coruña

Edita: Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña
Polígono Matogrande.
R/ María Puga Cerdido, s/n, 1º.
15009 A Coruña.
Teléfono: 981.13.91.71
Fax: 981.13.91.72
Email: colegio@colvetcor.org
Web: www.colvetcor.org

PRESIDENTE José Eugenio Rey Fernández
VICEPRESIDENTE Xuan Manuel Álvarez Llana
SECRETARIO Xoán Ramón Díaz Saavedra
VOCAIS Ana María Aranda González, Eugenio Leira Nogales, Jesús García Rodríguez

Produce: TRANSMEDIA Comunicación & Prensa
DIRECTOR EDITORIAL Manuel Darriba
DIRECTOR COMERCIAL José Manuel Gegúndez
DESEÑO GRÁFICO/MAQUETACIÓN
Marcos Sánchez, Alba Gómez
Enderezo: Ronda das Fontiñas, 272, entreplanta A.
27002. Lugo.
Teléfonos:
982 22.12.78, 636.95.28.93, 610.21.53.66
Email: transmedia@ctransmedia.com
Web: www.transmedia.es

Imprime: Gráficas Rigel
Tirada: 2.500 exemplares

Depósito legal: As-5.956-06

O Colexio de Veterinarios da Coruña non se responsabiliza do contido dos artigos e colaboracións asinados.

SUMARIO

4 TABOLEIRO
5 LEXISLACIÓN
8 DETECCIÓN DE TETRACICLINAS
12 ALIMENTACIÓN DE PORCINO
16 CURSO DE PORCINOCULTURA
20 CONGRESO INTERNACIONAL DE ANEMBE
24 XORNADAS DO PORCO CELTA
25 XORNADAS TÉCNICAS DE PRODUCIÓN DE LEITE
26 CONVENIO CON GOLF MIÑO

CURSOS, XORNADAS E PREMIOS

CURSO PRÁCTICO DE AVALIACIÓN E AUDITORÍAS DO SISTEMA APPCC NA INDUSTRIA CÁRNICA.
Ourense, 13, 14, 27 e 28 de marzo. Información: 988.22.22.02, ourense@colvet.es, www.colvet.es/ourense

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN PERITACIÓN VETERINARIA: ESPECIALISTA EN PERITACIÓN.
Segovia. Módulo I, 26, 27 e 28 de marzo. Módulo II, 16, 17 e 18 de abril. Módulo III, 7, 8 e 9 de maio. Módulo IV, 28, 29 e 30 de maio. Inscrición por módulo: 150€. Información: 921.46.38.55, colvetsg@interbook.net

CURSO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL VETERINARIA E PERITACIÓNS.
León, 26 e 27 de marzo e 2 de abril. Cota de inscrición: 150€. Información: 987.25.23.22, www.colvet.es/leon, leon@colvet.es

IV SEMINARIO DE PRODUCIÓN E XESTIÓN SOSTIBLE DE ESPECIES CINEXÉTICAS.
Segovia, 27-29 de marzo. Inscrición: 150€. Información: 646. 276.382, secretaria@waves.es

III CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DE REPRODUCIÓN E INSEMINACIÓN ARTIFICIAL EN GANDO OVINO E CAPRINO.
Toro (Zamora), 1-3 de abril. Cota de inscrición: 500€. Información: 980.699.435, info@ovigen.es

CURSO INTENSIVO DE HOMEOPATÍA VETERINARIA.
Asturias, 6-12 de abril. Inscrición: 1.025€ (aloxamento e manutención incluídos). Información: www.homeopatiaveterinaria.es

CURSO PRÁCTICO DE ECOGRAFÍA UROXENITAL EN PEQUENOS ANIMAIS.
Murcia, 18-19 de abril. Información: 948.82.46.55, 948.82.17.13, www.cvm.es

XII CURSO INTERNACIONAL DE MEDICINA DEPORTIVA EQUINA. PERDA DE RENDEMENTO.
Córdoba, 23-25 de abril. Información: 627.776.499, 957.218.143, www.medicinadeportivaequina.com

XIV CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDICINA BOVINA.
A Coruña, 6-8 de maio. Información: 985 208 316, www.anembe.com

CURSO BÁSICO DE HOMEOPATÍA-ACUPUNTURA.
Málaga, 9-15 de maio. Inscrición: 1.100€ (aloxamento e manutención incluídos). Información: 952.88.27.61, info@escuelashambala.com

XI CONGRESO DE VETERINARIA MILITAR. V XORNADAS DE HISTORIA DA VETERINARIA MILITAR.
Madrid, 27, 28 e 29 de maio. Información: 91.422.29.64, 91.422.29.63, psaper@oc.mde.es

I CURSO PRÁCTICO DE ABORDAXES EN TRAUMATOLOXÍA.
Cáceres, 26-27 de xuño. Información: 927.18.10.32, www.ccmijesususon.com

LEXISLACIÓN
DECEMBRO 2008

D.O.G., 1/12/08- Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 pola que se regula a **explotación do percebe** (Pollicipes pollicipes) como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

D.O.G., 02/12/08- Orde do 27 de novembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das **indemnizacións por sacrificio obrigatorio** de gando nos programas de control e erradicación de enfermidades animais para o ano 2009.

D.O.G., 04/12/08- Resolución do 1 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria pola que se ditan medidas de movemento pecuario en relación coa **lingua azul**.

B.O.E., 6/12/08- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de **residuos de Galicia**.

B.O.E., 6/12/08- Real Decreto 1835/2008, do 8 de novembro, polo que se modifica o Real Decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de **identificación e rexistro dos animais da especie bovina.**

D.O.G., 10/12/08- Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para os investimentos en **transformación e comercialización de produtos agrarios** do período 2007-2013 e se convocan parcialmente para o exercicio orzamentario de 2009.

D.O.G., 11/12/08- Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento e mellora do **cabalo de pura raza galega** e se convocan para o ano 2009.

D.O.G., 12/12/08- Resolución do 14 de novembro de 2008 pola que se publica a relación de subvencións concedidas a asociacións protectoras de animais domésticos para o fomento de actuacións destinadas á **protección e benestar dos animais domésticos** ao abeiro da Orde do 25 de abril de 2008.

D.O.G., 12/12/08- Decreto 268/2008, do 13 de novembro, polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos co servizo a terceiras persoas e se crea o **Rexistro Galego de Explotacións Equinas.**

D.O.G, 15/12/08- Orde do 9 de decembro de 2008 pola que se establece o réxime de **axudas á apicultura** e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 15/12/08- Orde do 9 de decembro de 2008 pola que se regulan e se convocan para o ano 2009 as axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún, que teña por obxecto a **reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio** en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

D.O.G, 15/12/08- Orde do 9 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de **compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación** de enfermidades dos animais e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 16/12/08- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de **pesca de Galicia**.

D.O.G, 16/12/08- Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o **control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos** ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

D.O.G, 17/12/08- Orde do 11 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de probas para determinar a calidade xenética, o rendemento do gando vacún leiteiro e á realización de técnicas ou **prácticas innovadoras no ámbito da cría de animais da raza de gando vacún frisón**, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 18/12/08- Orde do 15 decembro de 2008 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das **axudas destinadas ás explotacións gandeiras**, ás industrias agroalimentarias e aos establecementos de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano que se convocaron mediante a Orde do 8 de setembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 117, do 12 de setembro).

D.O.G, 20/12/08- Corrección de erros do Real Decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como a prevención e o control de determinadas **enfermidades dos animais acuáticos**.

D.O.G, 22/12/08- Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se amplía a dotación orzamentaria e o prazo de xustificación das axudas da Orde do 17 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas destinadas a proxectos de **mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas** en Galicia, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 22/12/08- Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e a gandaría da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no **contrato de explotación sustentable** no ano 2008.

D.O.G, 24/12/08- Resolución do 23 de decembro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de once **prazas de persoal laboral fixo,** pola quenda de acceso libre, para o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal).

D.O.G, 26/12/08- Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das **axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono**, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 26/12/08- Orde do 22 de decembro de 2008 na que se amplía o prazo de xustificación e a dotación orzamentaria das axudas previstas na Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal**, e se convocan para o ano 2008.

D.O.G, 29/12/08- Orde do 19 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 **axudas para a mellora do hábitat da perdiz rubia**.

D.O.G, 29/12/08- Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das **axudas para paliar os danos producidos polo lobo** e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 30/12/08- Corrección de erros.- Resolución do 23 de decembro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de once **prazas de persoal laboral** fixo, pola quenda de acceso libre, para o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal).

D.O.G, 31/12/08- Orde do 23 de decembro de 2008 pola que se aproba o **Plan Xeral de Explotación Marisqueira** para o ano 2009.

LEXISLACIÓN
XANEIRO 2009

D.O.G, 2/01/09- Corrección de erros.- Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das **axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios** para o período 2007-2013 e se convocan parcialmente para o exercicio orzamentario de 2009.

D.O.G, 5/01/09- Corrección de erros.- Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 **axudas para a mellora do hábitat da perdiz rubia.**

D.O.G, 7/01/09- Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de **información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada**, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2007-2013, e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009.

D.O.G, 7/01/09- Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o **fomento da contratación dos seguros agrarios** na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009.

D.O.G, 8/01/09- Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación e o **fomento dos recursos zooxenéticos autóctonos** de Galicia, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G., 12/01/09- Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas destinadas a **proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras** non porcinas en Galicia para o ano 2009.

D.O.G., 15/01/09- Orde do 9 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de **bolsas de formación en réxime de empresa tutelada** para os titulados en ciclos formativos de acuicultura.

D.O.G., 15/01/09- Decreto 295/2008, do 30 de decembro, sobre a aplicación durante o período 2008/2009 do sistema de retencións á conta previsto no Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a **aplicación do réxime da taxa láctea**.

D.O.G., 16/01/09- Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de **protección dos animais utilizados para experimentación** e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación.

D.O.G., 19/01/09- Corrección de erros.- Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a **conservación e o fomento dos recursos zooxenéticos autóctonos** de Galicia, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G., 20/01/09- Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o **Plan de Xestión do Lobo en Galicia**.

D.O.G., 23/01/09- Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 as **axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando**.

D.O.G., 26/01/09- Corrección de erros.- Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas destinadas a proxectos de **mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras** non porcinas en Galicia para o ano 2009.

D.O.G., 27/01/09- Corrección de erros.- Orde do 23 de decembro de 2008 pola que se aproba o **Plan Xeral de Explotación Marisqueira** para o ano 2009.

D.O.G.,27/01/09- Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o **fomento das producións agrarias sustentables** a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES).

D.O.G., 28/01/09- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do **Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia**, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

D.O.G., 29/01/09- Corrección de erros.- Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o **fomento e mellora do cabalo de pura raza galega**, e se convocan para o ano 2009.

D.O.G., 30/01/09- Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos **pagamentos directos á agricultura e a gandaría** e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

DETERMINACIÓN DO CONSUMO DE ALIMENTOS PORTADORES DE RESIDUOS DE TETRACICLINAS MEDIANTE A SÚA ANÁLISE EN URINA POR ELECTROFORESE CAPILAR

José Manuel Miranda López[1], Alicia del Carmen Mondragón Portocarrero[2]
José Antonio Rodríguez Ávila[2], Carlos Andrés Galán-Vidal[2]

[1]Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Veterinaria, Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía. Laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos. Campus Universitario s/n, 27002. Lugo (España). Tel. (34) 666.369.134. Fax (34) 982.223.325. josemanuel.miranda@usc.es

[2]Universidad Autónoma del Estado de Hidalgo. Centro de Investigaciones Químicas. Laboratorio de Química Analítica. Carretera Pachuca-Tulancingo Km 4,5. Mineral de la Reforma, Hidalgo, México. C.P. 42184. Tel +52 (771) 7172000 Ext. 2216.

1. INTRODUCIÓN

As tetraciclinas son antibióticos de amplo espectro moi usadas tanto no ámbito da medicina humana como na medicina veterinaria. As súas características favorables, tales como o seu amplo espectro antibacteriano, a posibilidade de administración oral e a ausencia de efectos secundarios importantes como consecuencia da súa administración, fai que o seu uso sexa cada vez máis amplo. Ademais, as tetraciclinas son unha das familias de antimicrobianos máis económicas, e a súa produción de xeito industrial ten unha gran capacidade de aforro de custos, o cal fainas especialmente adecuadas para o seu uso dentro da medicina veterinaria en animais que se crían habitualmente de xeito intensivo, como son as aves de curral (Chopra e Roberts, 2001). Dentro da medicina veterinaria, despois da gran relevancia que tivo o uso da clortetraciclina, actualmente destacan o uso dentro desta familia da tetraciclina (TC), oxitetraciclina (OTC) e a doxiciclina (DC) (Oka e col., 2000). A estrutura química destes medicamentos (Táboa 1) ten como base a naftacenocarboxamida policíclica. Os valores das constantes de acidez reportados para este tipo de estruturas son de pKa1=3.3, pKa2=7.6, pKa3=9.7 y pKa4=10.7.

Dada a enorme importancia das tetraciclinas dentro da medicina veterinaria, ó longo dos últimos anos foron desenvolvidas unha ampla variedade de técnicas destinadas á detección dos seus residuos en diversos tecidos animais, especialmente mediante cromatografía líquida de alta resolución (HPLC). A pesar das múltiples avantaxes que ten a electroforese capilar (EC) en comparación coa HPLC, tales como a menor cantidade de solventes utilizados, a maior rapidez ou a maior eficiencia de separación, a EC non foi tan utilizada para a detección dos residuos desta familia de antimicrobianos coma a HPLC. Deste xeito, no referente á determinación dos residuos de tetraciclinas, só foron publicados métodos de detección e cuantificación de residuos referentes a urina, leite e soro sanguíneo (Chen e Gu, 1995), peixe (Huang e col., 1997; Kowalsky, 2008), mel (Casado-Terrones e col., 2007) e carne de porco (Hernández e col., 2001).



Nome común	R1	R2	R3
Tetraciclina	-H	-OH	-H
Oxitetraciclina	-H	-OH	-H
Doxitetraciclina	Cl	-H	-OH

Táboa 1. Estrutura xeral da tetraciclina, oxitetraciclina e doxiciclina.

Dado o seu coñecido efecto acumulativo dentro do organismo e a súa eliminación, principalmente por vía renal (Chopra e Roberts, 2001), un xeito interesante de realizar estudos da presenza deste tipo de residuos en alimentos de orixe animal é mediante o control da urina dos consumidores destes alimentos, dada a súa eliminación por vía renal. O obxectivo deste traballo é desenvolver un método analítico que permite detectar e cuantificar a presenza de residuos de TC, OTC e DOC en urina utilizando CE cuns límites de detección o suficientemente baixos como para ver viable a súa utilización de xeito rutinario.

2. MATERIAIS E MÉTODOS

2.1. Equipo utilizado

Os estudos electroforéticos foron realizados nun equipo P/ACE 5500 de Beckman Coulter (Fullerton, USA) utilizando un detector PDA (Photo Diode Array), cunha ventá espectral de 200 a 600 nm, a unha lonxitude de onda de 360 nm. Os datos foron recollidos e analizados co programa Beckman P/ACE system MDQ versión 2.3 (Beckman Coulter). As separacións foron realizadas utilizando un capilar de sílice fundida, coas seguintes características: L=41.7 cm, Ld=31.7 cm, i.d.= 75.0 µm, o.d.=375.0 µm. O pH das solucións empregadas foron axustadas mediante un PHmetro Corning 450 (Corning Science, NY, USA).

2.2. Reactivos e estándares

Tódolos reactivos empregados foron de grado analítico. Utilizáronse Na2HPO4 (Sigma, St Louis, USA), Na2EDTA e 2-propanol (J.T. Baker, Phillipsburg, USA) para a elaboración do electrolito de corrida, e NaOH (J.T. Baker, Phillipsburg, USA) para a activación do capilar e axuste do pH. Os patróns de antibióticos utilizados foron clorhidrato de tetraciclina (95% pureza), dihidrato de oxitetraciclina

O amplo espectro antibacteriano, a posibilidade de administración oral e a ausencia de efectos secundarios importantes fai que o uso das tetraciclinas sexa cada vez máis amplo

Equipo de electroforese capilar

(95% de pureza) e doxiciclina hiclato (98% de pureza), todos obtidos de Sigma. Tódalas disolucións foron preparadas disolvendo o respectivo reactivo en auga desionizada mediante un equipo Milli-Q (18 MΩ cm-1).

O electrolito de corrida foi preparado mediante a mestura de Na2HPO4 30 mM, Na2EDTA 2 mM e un 2% de 2-propanol. Posteriormente esta disolución foi axustada a pH 12 mediante a adición de NaOH 0.1 M.

As solucións estándar foron preparadas diariamente a partir dunha disolución de 1000 mg L-1, tanto das tres tetraciclinas empregadas por separado como de forma conxunta. As tetraciclinas foron disoltas en HCl 0.01 M en axitación constante en baño de ultrasons durante 10 min. Posteriormente foron filtradas utilizando membranas de nylon de 0.45 µm. Estas solucións estándar, despois de ser preparadas foron gardadas en material de vidro de cor topacio en nunhas condicións de refrixeración de entre 2-4 ºC por un período máximo de cinco días, despois dos cales as solucións foron descartadas e substituídas por outras novas.

2.3. Condicións electroforéticas

Antes do primeiro uso de cada día, o capilar foi activado mediante a seguinte secuencia de activación: NaOH 1 M 20 psi (15 min a 40ºC); NaOH 0.1 M 20 psi (10 min a 30ºC); auga Milli-Q 20 psi (10 min 25°C) e finalmente electrolito de corrida 20 psi (10 min a 25ºC). Previamente a cada análise, o capilar someteuse a un proceso de lavado e reacondicionamento mediante a seguinte secuencia: NaOH 1 M a 20 psi (2 min), NaOH 0.1 M a 20 psi (1 min), auga Milli-Q a 20 psi (2 min) e electrolito de corrida a 20 psi (2 min). A inxección das mostras extraídas foi realizada a 0.5 psi durante 5 s, mediante polaridade normal, aplicando unha corrente de 14 kV de voltaxe e mantendo o capilar a unha temperatura de 25ºC.

3. RESULTADOS E DISCUSIÓN

3.1. Optimización do método de separación

Segundo a literatura científica consultada (Kowalsky, 2000; Oka e Ito, 2000; Hernández e col., 2001; Casado-Terrones e col., 2007), foron utilizados para a detección de tetraciclinas por EC numerosos electrolitos de corrida, a distintas concentracións e a diferentes valores de pH, lonxitudes de onda, temperaturas do capilar e voltaxe aplicado.

Previo ó inicio das análises, investigáronse os efectos da concentración do electrolito de corrida, 2-propanol, Na2EDTA, pH, voltaxe aplicada, e a lonxitude de onda máis adecuada para o método en desenvolvemento. O electrolito de corrida ensaiouse a concentracións de 10.0, 20.0, 30.0 e 50.0 mM. A concentración de 2-propanol ensaiouse a concentracións de 0.0, 1.0, e 2.0%; a concentración de Na2EDTA ensaiouse a concentracións de 0.0, 1.0, e 2.0 mM, o pH ensaiouse a valores de 10.5, 11.0, 11.5 e 12.0; a voltaxe aplicada ensaiouse a niveis de 12.0, 13.0, 14.0 e 15.0 kV, e a lonxitude de onda a niveis dende 214 ata 360 nm.

En base ós ensaios preliminares experimentados, puídose comprobar que as condicións que amosaban unha mellor combinación de eficiencia de separación e menor tempo de análise foron utilizando como electrolito de corrida unha disolución tampón fosfato 30 mM adicionado cun 2% de 2-propanol e 2 mM Na2EDTA para evitar a ben coñecida interferencia das tetraciclinas cos ións metálicos (Tjørnelund e col., 1997), a un pH de 12.0, unha voltaxe aplicada de 14 kV e unha lonxitude de onda de detección de 360 nm.

3.2. Linearidade, límites de detección e precisión do método

Utilizando as condicións óptimas descritas no apartado anterior, as liñas de calibrado das tres tetraciclinas foron obtidas no intervalo de concentracións de 1.0 a 100.0 mg l^{-1}. Cada punto da recta de calibrado corresponde co

Un xeito interesante de realizar estudos da presenza de residuos de tetraciclinas en alimentos de orixe animal é mediante o control da urina dos consumidores destes alimentos, dada a súa eliminación por vía renal

valor medio de tres inxeccións diferentes. Os parámetros de regresión amósanse na Táboa 2. A linearidade obtida resultou adecuada, tal e como amosa o feito de que o coeficiente de correlación foi maior de 0.99 para os tres fármacos estudados.

Os límites de detección (LOD) obtidos baixo os criterios da IUPAC como 3se/b1, onde se é a raíz cadrada da varianza residual e b1 a pendente, amósanse na Táboa 2. Os límites de detección obtidos foron 0.6, 0.9 e 0.9 mg l^{-1} para o caso da TC, OTC e DC, respectivamente. A repetitividade e reproducibilidade dos tempos de migración e das áreas dos sinais analíticos, expresada como %DER, avaliouse analizando unha mostra de 4.0 mg l^{-1}. Na Táboa 2 amósanse os valores obtidos a partir das análises das mostras, atopándose valores adecuados de repetitividade e reproducibilidade en tódolos casos ensaiados (<10%).

3.3. Recuperación dos antimicrobianos a partir das mostras biolóxicas

A recuperación a partir das mostras biolóxicas foi determinada mediante a análise de mostras de urina humana dopada con TC, OTC e DC a tres niveis diferentes (2.5, 5.0 e 7.5 mg l^{-1}). Os % de recuperación obtidos amósanse na Táboa 3, os cales oscilan nun intervalo comprendido entre o 90.0% obtido para o caso da OTC nas mostras de 50.0 e 100.0 mg l^{-1} e o 101.2% obtido para o caso da TC a 25 mg l^{-1}. Os electroferogramas obtidos a partir das análises de mostras de: urina (Fig. 1.a.), solución estándar de 5.0 mg l^{-1} (Fig. 1.b.) e urina dopada con solución estándar (Fig. 1.c.), demostran que a presenza dos sinais obtidos para a urina non interfiren significativamente nas análises dos antibióticos analizados.

Como método de detección, a electroforese capilar (EC) ten vantaxes respecto á cromatografía líquida de alta resolución (HPLC), tales como a menor cantidade de solventes utilizados, maior rapidez ou maior eficiencia de separación



Figura 1. Electroferogramas obtidos a partir das análises de: a) mostra de urina, b) disolución estándar de tetraciclinas (50.0 mg l^{-1}), c) urina dopada con tetraciclinas (5.0 mg l^{-1}). Condicións: capilar de sílice fundida (5.0 cm x 75.0 µm), disolución tampón de fosfatos (30.0 mM)+(EDTA 2.0 mM)+2-propanol (2%), pH 12.0, 14 kV, detección a 360 nm.

Parámetro	TC	OTc	DC
Raíz cadrada da varianza residual, s_e	2892.2	6591.1	6064.4
Ordenada na orixe, $b_0 \pm ts(b_0)$	4306.0±5584.1	3758.9±9456.4	6601.1±8700.6
Pendente, $b_1 \pm ts(b_1)$	202 5.0±107.5	2289.5±182.1	2097.9±167.5
Intervalo liñal (mg l^{-1})	1-100	1-100	1-100
Límite de detección (mg l^{-1})	0.6	0.9	0.9
Repetitividade sinal	5.2	6.4	5.9
Reproducibilidade sinal	4.0	2.9	6.6

Táboa 2. Parámetros de regresión das liñas de calibrado, altura (u.a.) vs concentración de Tetraciclinas (mg l^{-1})

Concentración	Concentración atopada (mg l^{-1})			%Recuperación		
Añadida (mg l^{-1})	TC	OTC	DC	TC	OTC	DC
2.5	2.53	2.32	2.39	101.2	93.0	95.6
5.0	4.83	4.48	4.53	96.5	90.0	90.6
7.5	6.87	6.75	6.99	91.6	90.0	93.1

Táboa 3. % de recuperación de tetraciclinas en mostras de urina humana dopada

Patróns utilizados

4. CONCLUSIÓNS

Desenvolveuse un método analítico por electroforese capilar de zona para a detección simultánea de tetraciclina, oxitetraciclina e doxiciclina en mostras de urina humana. A electroforese capilar é un método o bastante rápido e sensible como para poder ser aplicado como método de detección de residuos de tetraciclinas en mostras de urina e poder desenvolver estudos de prevalencia do consumo de alimentos de orixe animal portadores de residuos das mencionadas tetraciclinas na poboación obxecto de estudo.

Agradecementos

O presente traballo foi realizado co apoio da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia (axuda IN84342007/42) e do proxecto CONACYT CB-2006-61310.

REFERENCIAS

S. Casado-Terrones, A. Segura-Carretero, S. Busi, G. Dinelli, A. Fernández-Guitiérrez. Determination of tetraycline residues in honey by CZE with ultraviolet absorbance detection. Electrophoresis. 28, 2882-2887 (2007).

C.L. Chen, X. Gu. Determination of tetracycline residues in bovine milk, serum, and urine by capillary electrophoresis. Journal AOAC International 78, 1369-1377 (1995).

I. Chopra, M. Roberts. Tetracycline antibiotics: Mode of action, applications, molecular biology, and epidemiology of bacterial resistance. Microbiology and molecular biology Reviews. 65, 232-260 (2001).

H. Oka, Y. Ito, H. Matsumoto. Chromatografic analysis of tetracycline antibiotics in foods. Journal of Chromatography A. 882, 109-133 (2000).

T.S. Huang, W.X. Du, M.R. Marshall, C.I. Wei. Determination of Oxytetracycline in raw and cooked channel catfish by capillary electrophoresis. Journal of Agriculture and Food Chemistry 45, 2602-2605 (1997).

P. Kowalski. Capillary electrophoretic method for the simultaneous determination of tetracycline residues in fish samples. Journal of Pharmaceutical and Biomedical Analysis. doi:10.1016/j.jpba.2008.01.036 (2008).

M. Hernández, F. Borrull, M. Calull. Capillary zone electrophoresis determination of oxytetracycline in pig tissue samples at maximun residue limits. Chromatographia, 51, 355-359 (2001).

J. Tjørnelund, S.H. Hansen. Separation of neutral subsatnces by nonaqueous capillary electrophoresis through interactions with cationic additives. Journal of Chromatography A 779, 235-243 (1997).

ALIMENTACIÓN DE CERDOS CON PIENSOS LÍQUIDOS

Los cerdos, al igual que todos los animales, necesitan alimentos para desarrollar sus producciones. Si además son monogástricos, los alimentos han de tener caracteres específicos que puedan ser digeridos según su fisiología digestiva.

José A. Fernández Chaves

I. RECORDANDO

Los cerdos necesitan agua, energía y aminoácidos equilibrados que formen proteínas digestibles, vitaminas y minerales.

Estas necesidades son de sostenimiento o conservación y de crecimiento o producción específica y cada ración debe estar equilibrada teniendo en cuenta la edad del animal más la producción a la que se dedique.

La energía medida en calorías es el principal componente de la ración y se mide en diferentes etapas: energía bruta (EB)=100 (sería el total de la energía que aporta el alimento según se suministra); energía digestible (ED), descontando de la EB la energía de las heces (20%); energía metabolizable (EM), descontando la de la orina y los gases (3 y 1%, respectivamente) y, por último, la energía neta (EN), que es la realmente aprovechable y queda después de descontar la energía de conservación (0,22%) y la de producción (0,30 %).

Este planteamiento técnico es muy complicado de implantar, por lo que la ED es más práctica en su manejo y viene siendo la que más se tiene en cuenta para el cerdo, tomándose como base la energía del maíz, 3.400 kcal/kg MS, y la de la cebada de dos carreras, 3.020 kcal/kg MS.

La alimentación proteica consta de dos partes: una, los aminoácidos indispensables (lisina y treonina) que el cerdo no puede sintetizar y han de ser integrados proporcionalmente en la ración, y otra, los aminoácidos que sí pueden ser sintetizados, siendo éste el valor específico de las proteínas (e, indirectamente, el precio de la ración, por ser éstas más escasas que los H. de C.).

Por su parte, los minerales son los más baratos debido a su abundancia y las escasas necesidades de los animales, y los dividimos en macroelementos (Ca, P, Mg, Na, K y Cl) y microelementos (Fe, Cu, Zn, Mn, Co, Se, I y Mo), cuyo aporte en la ración se encuentra tabulado.

Nos quedan las necesidades de vitaminas, factores indispensables en cualquier ración que son procedentes del exterior, tanto hidrosolubles como liposolubles, y que hay que tener en cuenta según las tablas correspondientes, al igual que para todos los microelementos según la edad y la dedicación. Las necesidades en la ración de estas vitaminas varían continuamente en función de las modificaciones realizadas en las raciones, motivo por lo que no se explican aquí.

Después de este simple recordatorio, lo más importante es el "precio de interés" de cada materia prima que vamos a usar con relación a las demás, pues en este dato está la decisión a tomar en la compra de un producto y en la economía de la explotación.

Durante muchos años nos tuvimos que acostumbrar a las distintas fórmulas según especies y edades y a la consecuente complicación de elaborar las raciones para cada grupo "a mano", pero hoy, con los ordenadores, toda empresa importante trabaja ya con precios de interés para cualquier producto y que se pueden exigir al tratar de comprar.

Es decir, que si tenemos un maíz de 3.400 kcal/kg y 9% de PB y una cebada de dos carreras con 3.000 kcal/kg con 10% de PB, tendremos que analizar por una parte el precio de las grasas y por otra el precio de la soja, que son los dos sustitutivos o acoplamientos de ambas materias, para saber cuál de ellos es más rentable utilizar.

II. INSTALACIONES

Antes de comenzar esta segunda parte debemos valorar nuestras posibilidades bajo los tres aspectos clásicos a considerar: Tierra, Capital y Trabajo, sin ninguno de los cuales es posible un desarrollo eficaz.

Javier Garro (Lorra Soc. Coop.-Vizcaya)	“Planificación y gestión económica en granja” Mesa redonda: Javier Garro, Quim Baucells, Germán Alonso
Alfred Ferret (UAB-Barcelona))	“Acidosis ruminal en cebaderos: factores desencadenantes, diagnóstico clínico y recomendaciones de manejo”
John Newbold (Bélxica)	“Manejo de la función hepática para mantener la salud y la fertilidad” “Grasa y fertilidad: situación actual y perspectivas de futuro”
Jordi Baucells Colomer (Mancomunidade La Plana)	“Gestión de residuos en granja”
Miguel de Achaval (Arxentina) Relator patrocinado por PFIZER	“Mercado de la carne en América, adaptación de la producción al mercado y su repercusión en Europa” “Gestión de la información en los cebaderos y organización del trabajo”
Mariano Domingo (CReSA–UAB-IRTA) Relator patrocinado por FORT DODGE	“Lengua azul: Revisión de la enfermedad”
Luis Romero (MARM) Relator patrocinado por FORT DODGE	“Lengua azul: Situación de la enfermedad en España y perspectivas para su control/erradicación”
Francisco Reviriego (Bélxica) Relator patrocinado por FORT DODGE	“Lengua azul: Situación de la enfermedad en Centroeuropa y perspectivas para el control/erradicación”
Sergio Calsamiglia (UAB-Barcelona)	Conferencia de clausura: “Consumo de leche e impacto en la incidencia de enfermedades crónicas en humanos”

BASES PARA AS COMUNICACIÓNS LIBRES

O XIV Congreso Internacional de ANEMBE pretende potenciar a presentación de traballos clínicos e/ou de investigación aplicada por parte dos socios e dos diversos organismos (Universidades, OPIs, etc.) que traballan no ámbito da buiatría.

- Poderán presentarse traballos relacionados con todos os campos da buiatría, primándose aqueles relevantes polo seu interese práctico.
- Deberase enviar un resumo cun máximo de 250 palabras á Secretaría da Asociación (investigacion@anembe.com) antes do 9 de marzo do 2009. Enviarase como documento adxunto, en formato Word, incluíndo os datos identificativos do remitente: nome e apelidos, institución, enderezo completo, teléfono e fax e correo electrónico.
- As comunicacións enviadas serán examinadas polo Comité Científico, que decidirá sobre a súa aceptación, formato de presentación e publicación no Libro de Ponencias do Congreso e no boletín de ANEMBE. Os autores serán informados sobre a aceptación do seu traballo antes do 16 de marzo do 2009.
- Se o resumo é aceptado polo Comité Científico, os autores deberán enviar o traballo completo antes do 31 de marzo do 2009. O traballo terá un tamaño de 2-3 páxinas A4, con marxes de 2,5 cm en todo o seu perímetro, a un espazo (interliñado sinxelo), en Times New Roman tamaño 12. Deberá conter os seguintes apartados: título, autor/es, filiación, resumo, introdución, materiais e métodos, resultados e discusión, conclusións e referencias. Na exposición de casos clínicos admitirase unha estrutura diferente. As citas bibliográficas realizaranse seguindo un modelo universal para revistas do eido biosanitario (http://www.fisterra.com/recursos_web/mbe/vancouver.asp).
- Aqueles traballos seleccionados agruparanse en sesións en función da súa temática. Cada sesión terá un moderador que se encargará da coordinación e orientará aos autores sobre todas as dúbidas ou cuestións que puideran xurdir. A duración da exposición será de 12-15 minutos, dispoñéndose de 5 minutos para preguntas.
- Será obrigatoria a inscrición de cando menos un dos autores para a aceptación dos traballos. Un dos autores terá prezo reducido na inscrición ao congreso.

Simposium HIPRA
CALIDADE DE LEITE

Coordinador: Roger Guix
Data: 6 de maio de 2009
Lugar: Palexco (A Coruña)
Prazas: 50 (Contactar con Roguer Guix: rgv@hipra.com)

PROGRAMA PROVISIONAL

08:30. Benvida: Javier Sanz (Director Márketing HIPRA).
Presentación da xornada: Roger Guix (Product Manager Startvac HIPRA).

09:00. "Mejora de la calidad de leche y el control de la mastitis en las explotaciones lecheras. Infecciones persistentes y crónicas"
Dr. Ynte Schukken (U. Cornell)

11:00. Pausa-Café.

11:30. "Resultados de pruebas de campo STARTVAC"
Oriol Franquesa (Q Llet) e Carlos Carbonell (Pico Sacro)

"Vacunación contra E.Coli y S.Aureus".
Roger Guix (Product Manager Startvac HIPRA)

14:00. Xantar.

15:00. Mesa redonda: "Situación actual de la calidad de leche en diferentes zonas de España".
A. Palomino, J. Echevarria, P. Sexto, R. Ortega, E. Calvet e L. Jimenez.*
Moderador: Oriol Franquesa (Q Llet)

17: 00. Rogos e preguntas.
*A.Palomino (Calidad de Leche), J. Echevarria (SERGASI), P.Sexto (SERAGRO), R.Ortega (C.V. La Espina), E. Calvet (UAPL) e L. Jiménez (Servet Talavera).

Simposium INTERVET-SCHERING PLOUGH
ELEMENTOS DE EPIDEMIOLOXÍA PRÁCTICA EN PLANS DE MEDICINA PREVENTIVA. APLICACIÓN AO IBR E BVD

Coordinador: Manuel Cerviño (INTERVET-SCHERING PLOUGH)
Data: 6 de maio de 2009
Lugar: Palexco (A Coruña)
Cota de inscrición: Aberto a todos os inscritos ao congreso
Prazas: 100 (por orde de inscrición)

PROGRAMA PROVISIONAL

1. Importancia da vixilancia epidemiolóxica. Conceptos. Ferramentas. Tipos de programas.

2. Necesidade do mostreo nos programas de vigilancia. Conceptos do mostreo. Método de mostreo. Tamaño da mostra. Erros.

3. O valor do diagnóstico en vixilancia epidemiolóxica. Selección das probas de diagnóstico e a súa aplicación ao rabaño. Mellora da fiabilidade, probas múltiples. Utilidade dos perfís serolóxicos nos programas sanitarios

4. A información sanitaria para actuar en medicina preventiva. Medidas de saúde e enfermidade. Importancia e uso da información xeográfica.

5. Detección de factores de risco claves en medicina preventiva. Estudos epidemiolóxicos.

6. Epidemioloxía aplicada ao IBR e BVD.

Problemas e casos prácticos para resolver
Os relatores serán Carmelo Ortega (Dpto. Infecciosas. Universidad de Zaragoza) e Jorge Donate (Veterinario. Dpto. Técnico de Bovino Intervet Schering-Plough).

Simposium DSM
NUTRICIÓN E REPRODUCIÓN: IMPACTO SOBRE A VIDA PRODUTIVA DAS VACAS DE LEITE

Coordinador: Alvaro Calderón (DSM)
Data: 6 de maio de 2009
Lugar: Palexco (A Coruña)
Cota de inscrición: Aberto a todos os inscritos ao congreso
Plazas: 50 (por orde de inscrición)

PROGRAMA PROVISIONAL

16.00–16.15: Apertura e presentación
Moderador: Alvaro Calderón. DSM Nutritional Products.

16.30–17.15: "El papel del beta-caroteno en vacas lecheras"
Prof. Florian J. Schweigert. University Potsdam (Alemania) (*)

17.15–18.00: "Impacto de los fallos reproductivos en el ciclo económico de la vaca lechera"
Joan J. Galí. Grup Tecnic Veterinari S.L

18.00–18.30: Café.

18.30–19.15: "Nutrición de las vacas lecheras en el período de transición para optimizar la producción"
Alex Bach. IRTA

19.15–20.00: "Aceites esenciales como suplementos dietéticos para vacas lecheras".
Dr. Stephane Duval. CRNA DSM Nutritional Products (Francia) (*)

20.00–20.30: Coloquio e clausura. A continuación, servirase un cóctel-cea para todos os asistentes.

* Servizo de tradución simultánea.

Simposium FATRO URIACH
ACTUALIZACIÓN EN TRANSFERENCIA EMBRIONARIA

Organiza: Fatro Uriach, UTE Bos e FEFRIGA
Coordinador: Jesús Sierra (FORT DODGE)
Data: 6 de maio de 2009
Lugar: UTE de Bos (Guísamo, A Coruña)
Prazas: 15 (Contactar con Jesús Sierra: jsierra@fatroiberica.es)

PROGRAMA PROVISIONAL.

Horario: 9:30-19:00. Descanso de 14:00 a 16:00.

CONTIDO TEMÁTICO: Xeralidades técnicas. Descrición de avances capítulo a capítulo: protocolos e tratamentos de superovulación; recollida e procesado de embrións. O laboratorio: valoración, manipulación, etc. Micromanipulación: división e sexaxe de embrións. Conxelación de embrións: técnica en Etilenglicol e vitrificación. Consideracións prácticas da transferencia nas receptoras. Programa Xenético desenvolvido na UTE de Bos, visita ás instalacións. Posibilidades terapéuticas da transferencia embrionaria. Coloquio e discusión sobre transferencia embrionaria e propostas dos asistentes.

SINOPSE: Preténdese desenvolver unha xornada que posibilite un coñecemento completo da técnica de transferencia embrionaria en toda a súa amplitude e melloras recentes, así como as posibilidades que ofrece ao veterinario práctico no seu traballo diario, a través dun percorrido ilustrado polos diferentes capítulos que comprende. Dun xeito cercano e con presenza de materiais faranse demostracións dos aspectos máis novidosos e de maior interese (sexaxe, conxelación).

Impartirán o curso Daniel Martínez Bello, Ismael Fernández Sánchez e Mónica Barrio López, veterinarios da UTE de Bos.

MÁS INFORMACIÓN EN : www.anembe.com
Tfno.: 985.20.83.16

PARA RECIBIR ESTA REVISTA POR CORREO, TOTALMENTE GRATIS, ESCRÍBENOS A:
colegio@colvetcor.org

ESTIMADO COLEXIADO:

ESTA REVISTA QUE TES NAS MANS ASPIRA A SER UN **ÓRGANO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN** ENTRE TODOS NÓS.

APORTANDO OS TEUS ARTIGOS, CASOS CLÍNICOS E SUXESTIÓNS CONTRIBUIRÁS A FACELA **CADA VEZ MELLOR**.

ANÍMATE E COLABORA.

ESTIMADO COLEGIADO:

ESTA REVISTA QUE TIENES EN LAS MANOS ASPIRA A SER UN **ÓRGANO DE EXPRESIÓN Y COMUNICACIÓN** ENTRE TODOS NOSOTROS.

APORTANDO TUS ARTÍCULOS, CASOS CLÍNICOS Y SUGERENCIAS CONTRIBUIRÁS A HACERLA **CADA VEZ MEJOR**.

ANÍMATE Y COLABORA.

AS I XORNADAS DO PORCO CELTA REUNIRON EN LUGO UN CENTO DE PRODUTORES E INVESTIGADORES

A Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL) organizou no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, entre os días 5 e 7 de febreiro, as I Xornadas Galegas do Porco Celta. Asistiron máis de 100 persoas entre gandeiros, estudantes, profesores e investigadores, así como relatores de todo o Estado.

Mesa de clausura. De esquerda a dereita, José Antonio Carril (ASOPORCEL), Antonio Iglesias (USC), Patricia González-Seco (Colexio de Veterinarios de Lugo), Ana Bravo (Facultade de Veterinaria) e Francisco Chivite (Consellería do Medio Rural)

As I Xornadas Galegas do Porco Celta, patrocinadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e coa colaboración da Universidade de Santiago e de Xenética Fontao, debullaron distintos aspectos relacionados coa cría desta raza autóctona. José Antonio Carril, coordinador de ASOPORCEL, falou sobre a consolidación comercial do porco celta. Na mesma liña, Antonio Iglesias e Antonio Rigueiro, profesores da USC, trataron, respectivamente, da análise produtiva da raza e do seu aproveitamento silvopastoral.

Representantes do Centro Tecnolóxico da Carne de Galicia espuxeron estudos sobre a caracterización cárnica deste porco autóctono, mentres que Eugenio Prados, técnico de ASOPORCEL, e Alba García, veterinaria da asociación, analizaron a importancia dos sistemas de produción de porco celta en Galicia e a caracterización racial, esencial para garantir a cría e comercialización.

As Xornadas permitiron analizar aspectos coma a caracterización cárnica ou o aproveitamento silvopastoral da raza porcina celta

Javier López Viana, director do Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao, disertou sobre a caracterización xenética da raza e as aplicacións na trazabilidade do produto. Gerardo Rivero, xefe do Servizo de Producións Gandeiras da Consellería do Medio Rural, informou sobre actuacións da Xunta para apoiar a produción de porco celta.

Tres conferencias trataron cuestións de carácter máis xeral, que afectan ás razas autóctonas no seu conxunto. Isabel Vázquez, do INIA, espuxo o modelo de xestión do patrimonio xenético. Juan Vicente Delgado, profesor da Facultade de Veterinaria da Universidade de Córdoba e secretario da Sociedad Española de Recursos Genéticos Animales (SERGA), destacou a importancia das razas autóctonas españolas na produción gandeira. Pechou as xornadas Francisco Chivite, subdirector xeral de Ganadería da Consellería do Medio Rural, abordando a importancia das ganderías alternativas no desenvolvemento rural galego.

Outras razas

As xornadas contaron con relatores procedentes doutras zonas da Península que disertaron sobre as razas de porcino propias das súas rexións. Begoña Peinado, do Instituto de Investigación y Desarrollo Alimentario de Murcia, falou sobre o porco chato murciano. Fernado Jorge Ruivo de Sousa presentou a raza porcina mirandesa de Portugal, e Jaime Jauma, enxeñeiro do IBABSA de Baleares, o porco negro mallorquín.

Sobre o porco ibérico disertaron tres técnicos. Elena Diéguez, secretaria executiva da Asociación Española de Criadores de Ganado Porcino Selecto Ibérico Puro y Tronco Ibérico (AECERIBER), falou sobre a situación actual da raza. Francisco Javier Solano, presidente da Asociación de Productores de Cerdo Ibérico de Extremadura, analizou o estado actual e perspectivas deste subsector. Amparo Martínez, do departamento de Xenética da Universidade de Córdoba, explicou a identificación xenética do porco ibérico.

Na clausura do evento interviron Ana María Bravo, decana da Facultade de Veterinaria de Lugo, e Patricia González-Seco Vijande, presidenta do Colexio de Veterinarios de Lugo.

Actividades complementarias

A parte técnica das Xornadas complementouse con actividades de tipo lúdico-gastronómico. O 5 de febrero tivo lugar unha cata a cegas comentada sobre tres tipos de xamón, un deles de porco celta, que foi o que finalmente se impuxo.

O 6 de febreiro, os congresistas recibiron 6 bonos para degustar gratis unha consumición e unha tapa de porco celta en seis locais colaboradores de distintas zonas da cidade de Lugo. O 7 de febreiro celebrouse unha homenaxe aos socios fundadores de ASOPORCEL nun restaurante da cidade.

Cata a cegas de 3 tipos de xamón, un deles de porco celta

REPRODUCIÓN E BENESTAR, NAS II XORNADAS DE PRODUCIÓN DE LEITE DE AFRIGA E AFRICOR LUGO

Máis de 200 persoas asistiron ás II Xornadas Técnicas de Produción de Leite, organizadas por AFRIGA e Africor Lugo na Facultade de Veterinaria de Lugo o pasado 13 de febreiro. Nesta segunda edición do evento optouse por abordar unha variedade de temas relacionados coa produción de vacún, coma as últimas novidades en reprodución ou o sistema holandés de "cow signals" para detectar problemas de benestar e saúde no establo.

As Xornadas estiveron patrocinadas pola Consellería do Medio Rural, Xenética Fontao, a UTE de Bos, Intervet Shering-Plough e Dismagán. Entre os conferenciantes houbo varios veterinarios, que disertaron sobre diversos aspectos do gando vacún de leite.

Daniel Martínez, director técnico da UTE de Bos, falou sobre a transferencia embrionaria e, en concreto, sobre as biotecnoloxías de terceira xeración: división embrionaria, sexaxe embrionaria e fecundación in vitro. O programa desenvolvido na Finca de Bos conta na actualidade cunha ampla base xenética de vacas de elite, unhas 2.500, a maioría das cales están nas ganderías. A división de embrións e a sexaxe son servizos que estarán accesibles na UTE a moi curto prazo, mentres que a fecundación in vitro é aínda unha opción a medio ou longo prazo.

Sobre a fecundación in vitro, Martínez considerou que "pode ter un impacto na cría animal similar ó que supuxo a inseminación artificial". No 2007, o 30% dos embrións do mundo procedeu da fecundación in vitro, cando catro anos antes era só o 15%

Nesta técnica recóllense ovocitos da vaca, ben despois da morte no matadeiro, ben da vaca viva (a opción preferida). Os ovocitos extráense por aspiración e teñen que madurar un día antes de seren fecundados. O embrión resultante cultívase durante unha semana e despois conxélase ou ben implántase en fresco. De momento, a conxelación é problemática porque aínda non se afinaron ben as técnicas e este tipo de embrións non dan bos resultados.

As vantaxe "máis importante" da fecundación in vitro sería que incrementa a eficiencia do seme sexado. Por outra banda, pode aumentar a capacidade reprodutiva a 60 crías/vaca/ano, fronte a 1 da inseminación artificial e 25 da transferencia embrionaria. Isto abre a porta "á posibilidade da produción en masa". As desventaxas: técnica complexa, equipos moi caros e necesidade de persoal moi especializado.

O holandés Joep Drissen trouxo ás Xornadas a experiencia dos "cow signals", que a súa empresa, Vetvice-Cow Signals, ten practicado xa en 30 países do mundo. Trátase de estar pendentes de numerosos "sinais" que transmiten as vacas e que nos permiten detectar problemas de saúde, nutrición, etc.

Fernando Rodríguez Gandoy (Africor Lugo)

As Xornadas celebráronse no auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo

O sistema de "cow signals" baséase en tres procementos: observar, pensar sobre os problemas detectados e actuar para resolvelos. O básico é analizar se as vacas dispoñen, e en que medida, das "seis liberdades básicas": aire, luz, auga, comida, espazo e descanso. "A mellora destes aspectos pode reportarlle ao gandeiro ata 1.000 litros extra por vaca e ano", asegurou o holandés.

Como complemento das Xornadas, e co patrocinio de Intervet Shering-Plough, Joep Driessen desprazouse ata unha explotación da Terra Chá en compaña de 20 veterinarios para aplicar in situ o sistema de "cow signals". Os veterinarios dividíronse en grupos reducidos, de 2 e de 3 persoas, e cubriron tres tests que a empresa Vetvice usa para detectar os "sinais bovinos": sobre o rabaño en conxunto, sobre unha vaca en concreto e sobre esa mesma vaca "en primeiro plano".

Segundo indicou un dos asistentes á sesión práctica, "o importante deste método é que, ademais de curar animais, podemos axudar a mellorar o seu benestar".

O veterinario de Xenética Fontao Héctor Areán disertou sobre avances biotecnolóxicos en materia de inseminación artificial. Areán centrou parte da intervención no "boom" do momento: o seme sexado. Este procedemento baséase en separar da mostra as proboacións de cromosoma maculina e feminina, co obxecto de usar seme que conteña só este segundo tipo. O grao de eficacia do proceso pode chegar ao 90%

O seme sexado é máis problemático, dado que o procedemento de separación resulta moi agresivo para os espermatozoides, danando as súas membranas e reducindo a vida útil. Isto fai necesario reducir a distancia entre o espermatozoide e o ovocito e aconsella empregar o seme sexado só en xovencas.

As vantaxes do seme sexado son, entre outras, que permite elixir o sexo da cría e facer unha reposición propia do rabaño con calidade xenética e sanitaria. Os inconvenientes, que a técnica é cara, a fertilidade diminúe un 15% en relación ao seme comercial e, ademais, só un 80% dos machos son aptos para que o seu seme sexa sexado.

Fernando Rodríguez Gandoy (Africor Lugo)

Experiencia de "cow signals" nun establo

Vista desde o green do burato 13

O COLEXIO DE VETERINARIOS DA CORUÑA ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB DE GOLF MIÑO

O club de golf Miño está ubicado no municipio do mesmo nome, a metade de camiño pola autopista entre A Coruña e Ferrol.

Para chegar hai que tomar a autopista a Ferrol e deixala na saída de Miño, dirixirse cara a Perbes e tomar a desviación á dereita, xa indicada.

O campo está enclavado nunha paisaxe con magníficas vistas da montaña e o mar, a 200 metros sobre o nivel do mar. O tratamento paisaxístico é de enorme singularidade, predominando unha vexetación variada con obstáculos de auga e búnkers en todo o percorrido.

O club conta cunha espectacular casa club na que o socio atopará todas as instalacións propias dun gran club, axeitadas para celebrar eventos e actos sociais : restaurante, vestiarios, cuarto de paus, dúas piscinas (unha delas, infantil) e dúas pistas de pádel.

No restaurante do club social ofrécese unha cociña variada, cociña internacional e cociña galega con produtos da máis alta calidade. Permite gozar dun agradable ambiente e das magníficas vistas do campo de golf. Existe un menú dispoñible todos os días.

Na tenda do club pódense atopar as mellores marcas, ademais de todo o asesoramento necesario por parte de profesionais, e unha liña de vestimenta exclusiva de golf a prezos inmellorables.

A compra de material de golf debe ser unha compra asesorada, dado que dependendo non só do nivel, senón tamén das características físicas e do swing, pode variar enormemente cal é o material adecuado. Así, por exemplo, un xogo de ferros pode funcionar moi ben para un hcp 15, e para outro xogador hcp 15 pode resultar nefasto. Dispoñemos de todo tipo de material.

Green do burato 15

Greens 9 e 18 e rúa do burato 18

As instalacións coas que conta a escola son un campo de prácticas cuberto con 16 postos, un putting green e unha zona de chipping, para poder gozar, aprender e mellorar ao mesmo tempo.

O percorrido do club de golf Miño conta con 18 buratos, par 72, e inclúe dúas zonas ben diferenciadas que permiten o uso de todos os paus da bolsa. Os primeiros 9 buratos son moi técnicos, con fairways retortos,, dog-legs e greens espectaculares con caídas pronunciadas e moi esixentes. Os xogadores adoitan destacar o burato 5, un par 4 de 258 metros que atravesa unha fonda barranca e esixe un potente voo da bóla na saída. Sen embargo, o burato 4, cun segundo golpe moitas veces cego, e o burato 7, co seu grande obstáculo de agua á dereita, son outros atractivos desta primeira parte do percorrido.

Os buratos do 10 ao 18, non exentos de dificultades, amosan a parte máis amable do campo, con fairways anchos e greens algo máis asequibles, aínda que os abundantes búnkers e obstáculos de auga que a flanquean en case toda a súa lonxitude poñen ese punto "picante" que solicita do xogador certa destreza no manexo da súa bolsa.

A unión dos amplos lagos coa vista xeral do val que se contempla nesta segunda volta merece ser frecuentada unha e outra vez.

O club pertence ao Programa Platino de Aymerich Golf Management, polo que os socios poden xogar en todos os campos pertencentes ao Programa. O listado pode consultarse na web **www.aymerichgolf.com**

É posible ser socio de Aymerich Golf Miño adquirindo un dereito de uso ou incorporándose aos programas Platino, Oro ou Bronce do AGC (Aymerich Golf Club).

TIPOS DE DEREITOS DE USO

DENOMINACIÓN	PLATINO HOME MIÑO3
DURACIÓN	3 ANOS (SERIE LIMITADA DE 100)
CARÁCTER	FAMILIAR RENOVABLE
PREZO	1500€ + 7% IVE PARA OS TRES ANOS
CONDICIÓNS DE PAGAMENTO	Pagamento inicial desde : 105€ + 7% IVE Resto: Ata 12 meses a convir/sen intereses

DENOMINACIÓN	PLATINO HOME MIÑO3
CARACTERÍSTICAS	BÓLAS GRATIS – En Miño e Golf Centers
	50% DESCONTO EN BUGGIES – En Miño
	SOCIO DO CLUB CON TODOS OS DEREITOS Miño, visitas ilimitadas Resto Platinos, 30 veces/campo e ano EXCEPTO: 25€ Robledal 40€ Foressos 40€ Golf del Sur Campos Ouro 7 veces/campo e ano a 15€ Campos asociados, desconto 25% 20 invitacións en Miño ao 50% (4 veces ao mesmo)/ano
	SEN COTAS Green Fee 15€
	CON COTAS Green fee 4€

DENOMINACIÓN	PLATINO HOME MIÑO3 MÚLTIPLE
DURACIÓN	3 ANOS (SERIE LIMITADA DE 50)
CARÁCTER	GRUPO DE 4 XOGADORES INDIVIDUAIS
PREZO	5000€ + 7% IVE (sen cotas)
CONDICIÓNS DE PAGAMENTO	Pagamento inicial desde : 420€ + 7% IVA Resto: Ata 12 meses a convir/sen intereses
CONDICIÓNS	Con cota Green Fee A 4€ Sen cotas Green Fee A 15€

DENOMINACIÓN	PLATINO HOME MIÑO3 MÚLTIPLE
CARACTERÍSTICAS	BÓLAS GRATIS – En Miño e Golf Centers
	50% DESCONTO EN BUGGIES – En Miño
	SOCIO DO CLUB CON TODOS OS DEREITOS Miño, visitas ilimitadas Resto Platinos, 30 veces/campo e ano EXCEPTO: 25€ Robledal 40€ Foressos 40€ Golf del Sur Campos Ouro 7 veces/campo e ano a 15€ Campos Asociados, desconto 25% 20 invitacións en Miño ao 50% (4 veces ao mesmo)/ano
	SEN COTAS Green Fee 15€
	CON COTAS Green Fee 4€

Cancha de prácticas

Casa club

Canchas de pádel

TIPOS DE ADHESIÓNS

aymerich GOLF MANAGEMENT

■ Socio Platino

Prezo adhesión	**1.300€** + IVE, individual **2.100€** + IVE, familiar
Duración	3 anos
Prezo Green Fees	**15€** campos Platino e Ouro (excepto Robledal, 25€ a partir da oitava utilización, e Foressos e Golf del Sur, 40€) 25% de desconto en campos asociados
Límite utilizacións	Limitado en campos Platino e asociados 7 veces por campo nos campos Ouro
Atributos	**Bólas de prácticas gratis** nos Aymerich Golf centers Descontos en cursos de golf dun 15% 50% de desconto nos green fees dos **acordos internacionais** **Acordos externos:** hoteis, coches de aluguer, outros **MEMBER SERVICE**: Servizo de reservas e atención ao socio Acceso ás ofertas especiais de material de golf en www.aymerichgolfshop.com **NOVOS ATRIBUTOS 2009** Programa "**complete o seu foursome**". Poderá completar 7 veces ao ano o seu tee time con invitados ao mesmo prezo, coa limitación de dúas veces como máximo por persoa. Programa **incentivo de utilizacións**. Por cada 10 utilizacións nos campos platino obterá un gf adicional gratuíto para estes campos. 25% de desconto en buggies nos campos platino
Forma de pago	191€ de entrada a individual e 247€ a familiar Resto, no prazo dun ano documentado

aymerich GOLF MANAGEMENT

■ Socio ORO

Prezo adhesión	**310€** + IVE, individual **515€** + IVE, familiar
Duración	1 ano
Prezo Green Fees	15€ campos Platino e Ouro 20% desconto campos asociados
Límite utilizacións	7 veces por campo en campos Platino e Ouro Limitado nos campos asociados
Atributos	**Bólas de prácticas gratis** nos Aymerich Golf Centers Descontos noutras instalacións do club (cursos, 15%) **Acordos externos**: hoteis, coches de aluguer, outros **MEMBER SERVICE**: Servizo de reservas e atención ao socio Noticias e ofertas especiais do club Acceso ás ofertas especiais de material de golf en www.aymerichgolfshop.com **NOVOS ATRIBUTOS 2009** Programa "**complete o seu foursome**". Poderá completar 7 veces ao ano o seu tee time con invitados ao mesmo prezo coa limitación de dúas veces como máximo por persoa. Programa **incentivo de utilizacións**: Por cada 10 utilizacións nos campos Platino, obterá un gf adicional gratuíto para estes campos. 15% de desconto en buggies nos campos Platino
Forma de pago	31,7€ de entrada a individual e 51€ a familiar Resto, nun prazo de 12 meses documentado

aymerich GOLF MANAGEMENT

Socio BRONCE

Prezo adhesión	**100€** + IVE, individual **200€** + IVE, familiar
Duración	1 ano
Prezo Green Fees	25€ campos Platino e Ouro 20% desconto campos asociados
Límite utilizacións	5 veces por campo en campos Platino e Ouro Limitado nos campos asociados
Atributos	**Acordos externos**: hoteis, coches de aluguer, outros **MEMBER SERVICE**: Servizo de reservas e atención ao socio Noticias e ofertas especiais do club Acceso ás ofertas especiais de material de golf en www.aymerichgolfshop.com **NOVOS ATRIBUTOS 2009** Programa "**complete o seu foursome**". Poderá completar 5 veces ao ano o seu tee time con invitados ao mesmo prezo coa limitación de dúas veces como máximo por persoa Programa **incentivo de utilizacións**. Por cada 10 utilizacións nos campos Platino, obterá un gf adicional gratuíto para estes campos
Forma de pago	32€ a entrada individual e 39€ a familiar Resto, nun prazo de seis meses documentado

PROMOCION ESPECIAL:
15% de desconto en dereitos de uso
25% de desconto en adhesións

Oferta válida ata o 31 de marzo

Más información no teléfono do club: 628.17.51.82

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO DE VETERINARIOS DA CORUÑA E O CLUB DE GOLF MIÑO (DE AYMERICH GOLF CLUB)

En A Coruña, a 10 de Febreiro do 2009.

O Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña é unha organización de carácter provincial, que forma parte á súa vez doutra (Consello Galego de Colexios Veterinarios), de ámbito autonómico.

Aymerich Golf Miño ofrece ao citado colectivo a posibilidade de gozar dos seus servizos de golf nunhas condicións moi especiais:

1.-Clinic de golf GRATUÍTOS

2.-Cursos de golf

3.-Prezos especiais para os seus colexiados

4.-Competición de colexiados

5.-Utilización das pistas de pádel

1. **Clinic de golf GRATUÍTOS**

Consistente nun curso de 2 horas para grupos de 4/6 persoas distintas cada vez e a desenvolver en horarios:

Laborables: a convir
F/ semana: de 9,00h a 11,00h

Duración: Febreiro-Abril 2009

2. **Cursos de golf**

De carácter individual ou colectivo e cun prezo moi especial:

a) Individual: 15€ clase
b) Individual: Curso de 10 clases 140€
c) Colectivo (3/4 pers.): Curso de 10 clases 80€ persona.

Duración: Febreiro-Abril 2009

3. **Competición de colexiados**

Do mesmo xeito ofrecemos as instalacións do club de golf de Miño para a celebración dun premio de carácter mixto a celebrar no presente ano 2009, ofertando aos colexiados un prezo fixo para o green fee da citada competición de só 12€.

4. **Prezos especiais**

Para os colexiados que xa sexan xogadores e estean federados durante os meses de Febreiro e Marzo ofrecémoslles un prezo do green fee de 15€ en días laborables e de 20€ en fin de semana e festivos.

5. **Utilización das pistas de pádel**

Ademais Miño conta con 2 pistas de pádel que ofrece a todos os colexiados a un prezo de 1€ por persoa e hora.

Duración: Febreiro-Abril 2009
NOTA: No caso de celebrarse competicións tipo liga poderá establecerse un canon único para toda a proba

Pola súa banda, o Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña comprométese a enviar e dar a coñecer esta información a todos os seus socios por e-mail e incluír unha reportaxe gratuíta na súa revista de carácter bimensual que se distribúe aos veterinarios de Galicia.

Aymerich Golf Miño respectará o acordo durante o período marcado en cada unha das propostas.

I TORNEO DE GOLF

MAIO DE 2009

COLEXIO DE VETERINARIOS DA CORUÑA

TORNEO ABERTO
INDIVIDUAL STABLEFORD

PREMIOS

CATEGORÍA I (HASTA Hp.15)

1º POSTO

2º POSTO

3º POSTO

CATEGORIA II (DESDE Hp 15)

1º POSTO

2º POSTO

3º POSTO

MELLOR APPROACH BURATO

PREMIOS ESPECIAIS PARA COLEXIADOS VETERINARIOS

1º,2º E 3º MELLOR VETERINARIO DA CATEGORÍA I

1º,2º E 3º MELLOR VETERINARIO DA CATEGORÍA II

MELLOR APPROACH BURATO 2
DRIVE MÁIS LONGO BURATO 14

A DATA DO TORNEO AÍNDA NON ESTÁ DEFINIDA, PERO SERÁ A PRIMEIROS DE MAIO

INSCRICIÓNS NO COLEXIO DA CORUÑA

981-139171

colexio@colvetcor.org

O TROFEO SCRACHT SERÁ COMPARTIDO

XENÉTICA PROPIA
PARA GANDO CON FUTURO

Bos Allen CUXA ET

Bos Convincer GYPSY

Mantoño DUNO

Bos James CHAMOSO

Mario XACOBEO

XENÉTICA FONTAO

XACOBEO
Nº 1 de España

MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89

+1.411 Qg.L.	ESTATURA: +3,05
+39 Qg.PROT.	ANGULOSIDADE: +2,60
TIPO: +3,70	UBRE ANT.: +4,18
UBRES: + 3,59	PROF. DO UBRE: +3,49
	PATAS: +2,47

- Embriónes
- Xovencas
- Touros novos
- Familias de vacas
- Sementais probados

PROGRAMA de MELLORA GANDEIRA de GALIZA
www.melloragandeira.com

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

S E G U R O A U T O M Ó V I L

Ahora decide usted...



Nadie conoce mejor que usted sus necesidades, por eso, en A.M.A. le ofrecemos **4 modalidades** de seguros para su Automóvil.

Ahora, además, premiamos su fidelidad

Ponemos a su disposición un servicio de Asistencia Jurídica Telefónica Especializada, de manera totalmente gratuita para consultas en los ámbitos personal y profesional

TELÉFONO DE ASISTENCIA JURÍDICA
91 572 44 22

A.M.A.
agrupación mutual aseguradora
LA MUTUA DE LOS PROFESIONALES SANITARIOS

40 años asegurando a los profesionales sanitarios

Infórmate sobre todos nuestros Seguros y Servicios:

- A.M.A. A Coruña 981 264 566
  Pº de los Puentes, 3 Bajo 15004 A CORUÑA
  acoruna@amaseguros.com
- A través de internet: www.amaseguros.com